

## UGT INSISTE NA NECESIDADE DE SUBIR OS SALARIOS PARA POTENCIAR O EMPREGO

**Redacción.-** A reforma laboral está a mellorar a calidade do emprego, pero o aumento do paro advirte da necesidade de continuar protexendo o emprego, con salarios que se adapten á alza de prezos, á vez que se conteñen prezos e limitan os beneficios extraordinarios de grandes empresas.

Con todo, os datos publicados hoxe polo Ministerio de Trabajo y Economía Social e polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones revelan unha histórica mellora da contratación indefinida. Se ten producido un récord na contratación indefinida nun mes de xullo cun 34.71% do total de contratación. E iso que estamos nun mes caracterizado polas contratacións de temporada, xullo é tradicionalmente un mes de estacionalidade na contratación.


Os datos de desemprego vense mellorados pola temporada estival e pola remisión da pandemia en relación ao desemprego, sitúase o dato de paro en 139.850 persoas desempregadas (dende o ano 2007 non tiñamos un dato similar) en Galicia e de 2.883.812 desempregados no Estado.

É de destacar que cae o paro no mes nun 0,77% en Galicia, mentras que no Estado medra nun 0,11%.

Hai unha importante mellora con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Prodúcese unha contracción con respecto ao mes de xullo de 2021 do desemprego con 12.084 persoas desempregadas menos, un 7,95% menos en Galicia, pero non é unha baixada tan acusada como no Estado que foi do 15,59% menos ( unha diminución de 532.686 persoas).

### Diminución do desemprego xuvenil

En Galicia, son 5.071 os mozos e mozas menores de 25 anos en desemprego, diminuíndo no mes de forma moito máis acusada que no conxunto de idades, cun 10,25% de de baixada pero de forma menos acusada no ano, o 5,52% menos.



Por sexos, hai unha evolución máis favorable do desemprego para os homes neste mes, cun 1,67% menos, que no caso das mulleres foi do 0,12% de diminución. No ano, hai unha contracción tamén de forma máis acusada nos homes, co 8,11% menos, que no caso das mulleres, 7,84% de baixa.

En termos estruturais as mulleres seguen a representar nada menos que o 58,80% do total de desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 82.229 mulleres fronte a 57.621 homes.

### Datos por sectores

No mes, ao analizar por sector de actividade, hai caídas en todos eles, especialmente no colectivo Sen Emprego Anterior, cun 4,16% menos, no Primario cun 4,04% menos, e tamén caídas na Construción e Industria, 2,68% e 2,61% menos respectivamente. Polo contrario, aumenta o desemprego nos Servizos, cun 0,28% no mes, o que representa 280 persoas desempregadas máis en Galicia.

No ano, as porcentaxes son dunha considerable contracción do desemprego

rexistrado en todos os sectores, no que menos no colectivo Sen Emprego Anterior ( o 3,67% menos). Así, hai contracción do 15,96% na Industria, 11,05% na Construción, 6,90% nos Servizos e 5,61% no Sector Primario.

### Datos por provincias

En termos provinciais, no mes hai distinto grao de contracción, evolución, segundo se analice unha ou outra. Medra nas provincias de Lugo e Ourense, 1,19% e 1,09%, respectivamente e cae nas provincias de A Coruña, 0,98% de baixada e do 1,58% en Pontevedra.

Na comparativa interanual, hai unha forte contracción en todas elas. A caída máis contundente está na provincia de Pontevedra, cun 8,76% e na Coruña do 8,35% de diminución, en Lugo, a caída e do 7,28% e en Ourense, na que menos se contrae, foi unha baixada do 4,39% Variación relativa.

### Bo dato de contratación

O efectos beneficiosos da Reforma Laboral seguen a dar froitos. No mes de xu-

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

llo prodúcese un excelente dato de mellora da contratación indefinida, chegando ao 34,72% da contratación, porcentaxe histórica nun mes de xullo.

Cos datos de xullo compróbase que se realizaron 86.723 contratos. Realízanse menos contratos que no ano anterior, pero de moita calidade, tal e como se comproba na táboa seguinte: 2021/Febreiro

Por sectores destacan as porcentaxes de contratación indefinida do 72,3% no sector da Construción, do 56,61% no Primario, nos Servizos do 33,4% e na Industria do 27,62%

### Cobertura de desemprego

A taxa de cobertura en xuño de 2022 (último dato disponible) sitúase nun 61.07%. As persoas beneficiarias de prestacións de desemprego foron 78.865. Pero a cobertura de desemprego amosa as dificultades que están a pasar os desempregados, xa que maioritariamente perciben subsidio 39.386 persoas e Renda Activa de Inserción, 4.965 persoas, con moi baixos importes asistenciais e tan só 34.514 persoas son de prestación contributiva, o que representa só o 43,8% do total.

### Afiliación e cotización á S.S.

En canto á evolución nas cifras de afiliación á S.S. (media mensual), sitúase

en Galicia no mes en 1.058.193 persoas. Medra no mes nun 0,92%, o que representaría unha tendencia moito mellor que no Estado, no que cae nun 0,04%.

Medra a afiliación/cotización á Seguridade Social en termos interanuais en Galicia, nun 2,12%. É un bo indicador interanual. Tamén no Estado medra, e de forma máis acusada, nun 3,82%. Variación absoluta mesmo mes del año anterior

### ERTEs

Os ERTes, froito da concertación social seguen permitindo ter traballo a 1.712 traballadores de media en xullo en Galicia.

## O PAQUETE DE MEDIDAS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA É POSITIVO, PERO QUEDA CURTO

**Son necesarias accións máis ambiciosas na loita contra a emerxencia climática e medidas que teñan en conta aos consumidores vulnerables**

**Redacción.**- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores valora o paquete de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, aprobadas onte polo Consello de Ministros para poñer en marcha o acordo político alcanzado na reunión do Consello Extraordinario de Ministros de Enerxía da UE.

O acordo en Europa supón a redución voluntaria da demanda de gas natural do 15% entre o 1 de agosto de 2022 e o 31 de marzo de 2023 respecto a a media do mesmo período do últimos cinco anos. Redución da demanda de gas que, no caso de España, estaría por baixo do 7% pola elevada seguridade de subministración e a baixa dependencia de gas ruso, así como da gran capacidade de plantas de regasificación que permiten acceder ao mercado global de gas natural licuado (GNL).

O paquete de medidas establece que os edificios da Administración Xeral do Estado, así como os inmobles das administracións públicas, establecementos comerciais, grandes almacéns ou centros comerciais; espazos culturais ou as infraestruturas destinadas ao transporte de persoas contarán con 7 días para facer efectiva unha limitación en vigor ata o 1 de outubro de 2023 e supoñerá, entre outras cousas:

- Manter as temperaturas de calefacción e refrixeración entre 19 e 27 graos centígrados, exhibir en carteis ou pantallas as medidas obrigatorias de aforro, e outras adicionais que reduzan o consumo.



- Dispoñer de peches automáticos nas portas de acceso para impedir que queden abertas permanentemente, ou apagar a iluminación dos escaparates a partir das 22.00 horas (aplicarase tamén aos edificios públicos desocupados nese momento).

- Ademais, aqueles inmobles que pasasen a inspección de eficiencia enerxética antes do 1 de xaneiro de 2021 deberán someterse a unha revisión extraordinaria antes do 31 de decembro e recoméndase o teletraballo en administracións públicas e grandes empresas, para aforrar no desprazamento e o consumo térmico dos edificios.

A medida, que non afecta a hospitais nin centros educativos e vén reforzar o recoleito na orde PCM/466/202 de Plan de medidas de aforro e eficiencia enerxética dirixido á Administración Xeral do Estado e entidades do sector público estatal, é positiva debido a que implica que a AGE asuma o papel de liderado servindo como modelo, pero deben ser implementadas con outras que permitan o acceso á enerxía dos consumidores vulnerables.

**A acción climática é parte importante da solución para garantir unha subministración de enerxía suficiente**

Para UGT trátase de accións que deberían adoptarse hai tempo para non seguir financiando a Rusia e alongar a guerra en Ucraína, e son esenciais na loita contra a emerxencia climática e para alcanzar os obxectivos do Pacto Verde Europeo.

Por iso, máis aló do escenario xeopolítico e da crise dos prezos da enerxía, é necesario acometer accións máis ambiciosas na loita contra a emerxencia climática que conduzan, a medio prazo ao fin da utilización dos combustibles fósiles e a un sistema enerxético renovable que teña como prioridade o aforro e a eficiencia enerxética xa que a acción climática é unha parte importante da solución para garantir unha subministración de enerxía suficiente, a seguridade e independencia enerxética, o acceso á enerxía, a redución de fluctuación dos prezos da enerxía e a dispoñibilidade de materias primas.

# AS EMPRESAS HAN DE TER EN CONTA OS PARÁMETROS DE TEMPERATURA EN FUNCIÓN DO TIPO DE TRABALO

**Redacción.**- UGT considera acertado que o Plan de choque de aforro e xestión enerxética en climatización da Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, que recolle medidas como a regulación da climatización de espazos axústese ao previsto na normativa de Prevención de Riscos Laborais.

A norma establece, concretamente, que se limitará a temperatura do aire nos recintos calefactados a 19 °C e nos refrixerados non será inferior a 27 °C, mantendo a humidade relativa entre o 30 % e o 70 %. Unhas temperaturas que serán de aplicación no interior dos establecementos habitables acondicionados, situados nos edificios e locais destinados a uso administrativo, comercial, de lecer e restauración, así como estacións de transporte e aeroportos, quedando exentos centros sanitarios e hospitalarios e centros educativos.

A normativa indica, así mesmo, que os limiares de temperatura deberán axustarse para cumprir o previsto no Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo e que aqueles recintos que xustifiquen a necesidade de manter condicións ambientais es-

peciais ou dispoñan dunha normativa específica, non terán que cumprir ditas limitacións de temperatura.

Dito Real Decreto regula as condicións que deben cumprirse nos locais de traballo pechados, e establece que a temperatura dos locais onde se realicen traballos sedentarios propios de oficinas ou similares estará comprendida entre 17 e 27 °C e a temperatura dos locais onde se realicen traballos lixeiros estará comprendida entre 14 e 25 °C.

Doutra banda, a Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización dos lugares de traballo, sinala que a temperatura óptima para locais pechados onde se realicen traballos sedentarios estaría entre os 20 °C e os 24 °C no inverno, e entre os 23 °C e os 26 °C no verán e, para o caso de actividades lixeiras, os rangos situaríanse entre os 21 °C e 25 °C para verán e os 16 °C e 22 °C para inverno.

## Incrementar a Inspección de Traballo

UGT considera acertado que a Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto recolla



a necesidade de cumprir co disposto no Real Decreto 486/1997, do 14 de abril sobre a temperatura á que se deben manter os centros de traballo para que non se converta nun risco para a seguridade e saúde das persoas traballadoras. Por tanto, as empresas deberán ter en conta os parámetros de temperatura marcados polo RD de en función do tipo de traballo que se desenvolva.

Ademais, o sindicato insiste en que para aqueles postos de traballo que se desenvolven ao aire libre ou en lugares pechados con temperaturas extremas, téñanse en conta as medidas preventivas de carácter organizativo como cambios de quenda e horarios, descansos periódicos e reclama que se incremente o labor da Inspección de Traballo e regúlese a temperatura máxima á que se permite traballar ao aire libre e a duración da exposición, xa que a normativa actual non a establece.

## O informe “Muller e Tecnoloxía” confirma que as empresas españolas non son capaces de construír unha oferta atractiva para as tecnólogas

**Redacción.**- A Vicesecretaria Xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, o Responsable de Dixitalización do sindicato, José Varela e a Secretaria de Políticas Sociais do Sector Comunicacions e Cultura en Madrid, Susana Romero, presentaron en rolda de prensa o informe sobre “Muller e Tecnoloxía”, un documento de análise sobre a situación das mulleres españolas nos ámbitos tecnolóxicos que pretende, entre outras cousas, paliar a insólita ausencia de diagnósticos oficiais e propostas de consenso que expliquen e reparen a infrarrepresentación e fortísima discriminación que sofren as mulleres neste ámbito.

José Varela sinalou que os datos confirman que as empresas españolas non son capaces de construír unha oferta de traballo atractiva para as tecnólogas, “debido a que se lles ofrece un salario menor que aos seus pares homes, e, por exemplo, para os salarios superiores a 2.500 €, ofrécense a un 11,2% de mulleres por un 20,6% de homes e, no extremo oposto, o

número de enxeñeiras cun salario inferior a 700 euros no seu primeiro emprego é máis dun 6% superior ao de homes”.

Ademais, “ofrécese un primeiro emprego de Dirección a homes moito máis que a mulleres, deixando para as mulleres traballos de contables, administrativos ou de oficina e as empresas reservan para as enxeñeiras as peores opcións como os contratos a tempo parcial, de prácticas, formación, etc.” subliñou.

“Con estas cifras”, afirmou, “non é de estrañar que unha elevada porcentaxe de mulleres afirmen sufrir discriminación por xénero e abandonen antes, de media, a carreira profesional. De feito, o 27% das nosas mozas investigadoras han sufrido discriminación por xénero e case un 40% das mulleres en posto TIC declaran sufrir discriminación no último ano; Ademais, para un 86% das mozas tecnólogas, os permisos por coidados son unha complicación para desenvolver a súa carreira”.



Susana Romero destacou que “os datos solicitados resaltan que “un 63% das mulleres do sector tecnolóxico cre que o ecosistema tech está a fallar á hora de brindar igualdade de oportunidades. Por iso, é esencial que as empresas deixen de poñer escusas e empecen a negociar plans de igualdade realmente inclusivos, que pechen a brecha salarial e instauren verdadeiras políticas de corresponsabilidade”.

## Son necesarios plans de igualdade realmente inclusivos e medidas específicas para o ámbito tecnolóxico

Por todo iso, Cristina Antoñanzas reiterou a necesidade de poñer en marcha medidas para equilibrar a presenza de homes e mulleres no mundo tecnolóxico como “incluír en todas as negociacións colectivas a situación real das mulleres nos postos relacionados coa tecnoloxía para o peche inmediato da brecha salarial”.